

**Acordo da Comisión de avaliación das probas en competencias clave Nivel 3 pola que se publican os resultados provisionais.**

Rematada a corrección dos exames correspondentes ás probas de avaliación en competencias clave de Nivel 3, convocadas pola Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación mediante Resolución do 22 de novembro de 2022 (DOG núm. 6, do 10 de xaneiro de 2023) e segundo o disposto no artigo 12 de dita Resolución, publícanse na páxina web da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, os resultados provisionais que se recollen no Anexo do presente acordo.

De acordo co establecido no artigo 13 da dita Resolución, as persoas interesadas terán un prazo de reclamación de catro (4) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das cualificacións na páxina web.

As reclamacións realizaranse mediante escrito dirixido ao presidente da Comisión de avaliación, cuxa sede está no Instituto Galego das Cualificacións, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para a reclamación pode empregar o modelo de folia de reclamación que ten dispoñible no seguinte enderezo

<https://empregoeigualdade.xunta.gal/formacion/competencias-clave/convocatoria-probas>

Asinado electronicamente na data da sinatura dixital

O presidente da Comisión de avaliación-Nivel 3

César Manuel Dans Galán